

Arbitraxe Campionatos Galegos Individuais Lóstrego e Rápidas 2026

A Federación Galega de Xadrez abre o prazo de solicitudes para actuar como árbitro no XI Campionato Galego de xadrez Lóstrego e no XV Campionato Galego xadrez Rápido, que se celebrarán no Hotel Scala de Padrón (A Coruña) o 23 e 24 de Maio 2026 (respectivamente).

PRAZAS OFERTADAS

Un árbitro principal e un árbitro adxunto **para os dous campionatos**.

CATEGORÍAS	HONORARIOS
XI Campionato Galego xadrez Lóstrego (23 Maio 2026)	Árbitro Principal: 250 euros (*)
XV Campionato Galego xadrez Rápido (24 Maio 2026)	Árbitro Adxunto: 170 euros (*)

(*).-Os honorarios estarán suxeitos á retención correspondente.

(*).- Máis gastos de desprazamento xustificados.

Titulación requirida:

- Para árbitro Principal: Árbitro Autonómico ou superior, xa que os torneos son valedeiros para elo Fide.
- Para árbitro Adxunto: Árbitro Autonómico de Base ou superior.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o **Luns, 04 de Maio de 2026 (incluído)**.

As solicitudes deberán facerse a través da Federación Galega de Xadrez por mail (fegaxa@fegaxa.org), a onde tamén se poderá dirixir para ampliar información.

Para poder solicitar o arbitraxe hai que ter abonada a licenza correspondente antes da publicación desta convocatoria ([Circular FEGAXA01/2026](#)).

Parte das funcións que terán os árbitros seleccionados será: axudar á organización na supervisión da montaxe da sala de xogo, supervisar taboleiros, axustar reloxo, confeccionar listaxes e que haxa todo o material necesario para que a sala de xogo estea en perfectas condicións antes do inicio da primeira rolda.

Vigo, 27 de Abril de 2026.